



Compostela
Cultura

**DOMINGO 10
XULLO 2022**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**JOVEN ORQUESTA
NACIONAL DE ESPAÑA**

Pablo González, director

Elisabeth Leonskaja, piano



PROGRAMA

I

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Concerto para piano núm. 4 en Sol maior, op. 58 (1805-1806)

Allegro moderato

Andante con moto

Rondo: Vivace

II

GUSTAV MAHLER (1860-1911)

Sinfonía núm. 5 en do sostido menor, op. 55 (1902)

Trauermarsch. In gemessenem Schritt. Streng. Wie ein Kondukt

Stürmisch bewegt, mit größter Vehemenz

Scherzo: Kräftig, nicht zu schnell

Adagietto. Sehr langsam

Rondo-Finale: Allegro—Allegro giocoso. Frisch

Duración aproximada do concerto: 102 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Joven Orquesta Nacional de España

VÍOLÍNS I

Pablo Albarracín Abellán
Blanca Albert Vañó
Paula Angulo Ramírez
Amaia Arieta-Araunabeña Martí
Miriam Campobasso¹
Pablo Cuenca Abad
Jorge Génova Roldán
Mirian Jódar Gabarrón
Ana Lasasosa González
Teresa Martínez Diago
Manuel Merino Almazán
Arabela de Miguel Robledo
Carlos Ortega Guerrero
Eva Ortells Pacheco
Marta Roselló Barnola
Lidia Sierra Rodríguez

VÍOLÍNS II

Judit Agulló Sandoval
Susana Feito Sarmiento
María Ferrando Vercher
Carolina Fuentes Núñez
Ane Galarza Menéndez
Jesús Gallego Guisado
Clara Garriga Traugut
Elena Claudia González Ramos
Victoria Martínez Díaz
Andrea Mayor González
Eva Carla Moneo Estany
Gemma Montón Super
Isaac Pérez Riera
María Sánchez García

VIOLAS

Ilinca Forna²
Noemi Funez Palencia
Alberto García Pérez
Almudena González-Reguerál
Navarro
Andrea Lamoca Álvarez
Elena Lasheras González
Manuel Martí López
Eira Martínez Rivero

Mari Pau Navarro Bolinches
Carlos Nicolay Roldán
Raquel Roldán i Monserrat
Adriana Snape Bermejo

VIOLONCELLOS

Beltrán Calderón Bosom
Cecilia Camón Botella
Karmele Castillo Maeso
Elena Gómez Gimeno
Cecilia Hutnik
Pablo Juan Linares Rodríguez
Manuel Lorenzo Valentín
Pedro Alfonso Mendonça Alver
do Carmo³
Jairo Rodríguez Visuete
Álvaro Vázquez Osa

CONTRABAIXOS

Oscar Cano Milvaques
Enric Bassacoma Xampró
Pau Galgo García
Olaya García Álvarez
Inés García Pinilla
Nuno Miguel Gomes Dionísio³
José Jiménez Puerma
Uxue Sansiñena Blanco

FRAUTAS

Pablo Alcántara Martínez
Teresa Cabezas Campoy
Marc Monfort Tena
Gonzalo Palau Fernández

ÓBOES

Roger Borrás Bofarull
Ignacio Cano Raboso
M^a Victoria Muñoz Zaragoza²

CLARINETES

Alberto Blanco García
Bernat Buzzi Teixidó
José Serrano Campos

FAGOTS

Pablo Castellanos Alloza
Ángela Martínez Martínez
Alejandro Rausell Raimundo

TROMPAS

Salvador Belda Felipe
Francisco José Carmona
Fernández
Paula Criado Patricio
Carlos Garre Aniorte
Marta Isabella Montes Sanz
Álvaro Parrón Hidalgo
Max Nelo Salgado Ricart

TROMPETAS

Raúl Alzallu Soria
Bernabé García Morente
Carlos Higón Herrera
Juan José Jiménez Vázquez

TROMBÓNS TENOR

Héctor Mora Cano
Jaume Pérez Ripoll

TROMBÓN BAIXO

Alberto Miquel Silla

TUBA

Javier Monleón Rubio

PERCUSIÓN

Guifré Balasch Ambrós
Manuel López Valero
Manuel Monterrubio Martín
Xacobe Roca Cruz
Diego Sáenz Mateo

ARPA

Elizabeth Cerra Conroy

DIRECTOR ASISTENTE

Carlos Garcés

Músicos procedentes do programa de intercambio MusXchange da Federación Europea de Novas Orquestras Nacionais (EFNYO):

¹ Orchestra Giovanile Italiana (OGI, Italia) | ² Orchestra Română de Tineret (ORT, Romania) | ³ Jovem Orquestra Portuguesa (JOP, Portugal)



JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA

A Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), pertencente ao Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (Ministerio de Cultura y Deporte), foi creada en 1983 co propósito de formar ao máis alto nivel a músicos españois na etapa previa ao exercicio da súa profesión. O seu obxectivo prioritario é o perfeccionamento profesional e artístico dos seus músicos a través do estudo e a práctica do repertorio universal sinfónico e de cámara, por medio da celebración de varios Encontros anuais. Estes Encontros son tutelados por profesores e dirixidos por directores de recoñecido prestixio nacional e internacional, e culminan coa celebración de xiras de concertos, e a gravación dun xa extenso catálogo de CD's e DVD's. A JONDE contou con directores invitados como Giulini, Petrenko, Nosedá, Hogwood, Biondi,

López-Cobos, Mena, Pons, Ros Marbá, Frühbeck de Burgos, Zedda, Pichler, Köhler, Halffter, Penderecki ou Colomer, entre outros, e ten colaborado con solistas como Mstislav Rostropovich, John Williams, Teresa Berganza, Juan Diego Flórez, Manuel Blanco, María Bayo, Pablo Sainz Villegas, Rafael Orozco ou Asier Polo, entre outros. A JONDE presentouse en numerosos auditorios e festivais españois (Santander, Granada ou Cuenca) e nas temporadas da Orquesta Nacional de España, a Orquesta Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya e a Orquesta Filarmónica de Gran Canaria. A proxección no estranxeiro da JONDE abarca xiras por Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, Reino Unido, Austria, Portugal, Luxemburgo, Holanda, Rusia, Ucraína, Estonia, Rumanía, Hungría, Estados Unidos, Venezuela e República

Joven Orquesta Nacional de España

Dominicana, actuando en salas de concertos como o Carnegie Hall, o Royal Albert Hall, o Concertgebouw de Ámsterdam, Théâtre des Champs Elysées, a Filharmónica e o Konzerthaus am Gendarmenmarkt de Berlín, a Filharmónica de San Petersburgo, e o Radio Kulturhaus de Viena e o Ateneo Rumano de Bucarest. Así mesmo, a JONDE foi invitada a festivais internacionais en Reino Unido, Alemaña, Francia ou Venezuela. Ao longo da súa traxectoria, a JONDE desenvolveu numerosos proxectos complementarios á súa actividade principal, como as Academias de Música Barroca ou Música Contemporánea, a figura de

Compositor en Residencia, o encargo de obras a novos compositores a través da Fundación SGAE e a Asociación Española de Orquestas Sinfónicas (AEOS), e a participación en programas de intercambio de músicos, especialmente a través da European Federation of National Youth Orchestras (EFNYO) e os Sistemas de Orquestas Juveniles Hispanoamericanos (Programa Iberorquestas). A JONDE foi dirixida por Edmon Colomer (1983-1995), Llorenç Caballero (1996-2000) e polo compositor José Luis Turina (2001–2019). Desde 2020 a Directora Artística da JONDE é a violinista e pedagoga española Ana Comesaña.

Pablo González

Director

Recoñecido como un dos directores máis versátiles e apaixonados da súa xeración, Pablo González naceu en Oviedo e estudou na Guildhall School of Music & Drama de Londres. Obtivo o Primeiro Premio no Concurso Internacional de Dirección de Cadaqués e no Donatella Flick. Foi Director Titular da Orquestra Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya (OBC) e, anteriormente, Principal Director Invitado da Orquestra Ciudad de Granada. Na actualidade é o Director Titular da Orquestra Sinfónica RTVE e asesor artístico da Orquestra Sinfónica y Coro RTVE desde novembro de 2018. Pablo González dirixiu importantes formacións incluíndo: Deutsche Kammerphilharmonie Bremen, Netherlands Philharmonic Orchestra, London Symphony Orchestra, Scottish Chamber Orchestra, BBC National

Orchestra of Wales, Royal Philharmonic Orchestra, Warsaw Philharmonic, Orchestre Philharmonique de Liège, NHK Orchestra (Xapón), Orquesta Sinfónica Nacional de México, Kyoto Symphony Orchestra, así como as principais orquestras españolas. Como director de ópera, destaca a dirección de *Don Giovanni* e *L'elisir d'amore* en dous exitosos Glyndebourne Tours, *Carmen* (Quincena Musical de San Sebastián), *Una voce in off*, *La voix humaine*, *Die Zauberflöte*, *Daphne* e *Rienzi* o Gran Teatre del Liceu (Barcelona) e *Madama Butterfly* (Ópera de Oviedo). Entre os seus recentes e vindeiros compromisos destacan as súas aparicións con The Hallé (Manchester), City of Birmingham Symphony Orchestra, Konzerthausorchester Berlin, Frankfurt Radio Symphony, Royal Philharmonic Orchestra, Gürzenich-Orchester

Joven Orquesta Nacional de España

Köln, Dresdner Philharmonie, Deutsche Radio Philharmonie, Saarbrücken Kaiserslautern, Helsinki Philharmonic, Lahti Symphony Orchestra (Finlandia), Residentie Orkest, Orchestra della Svizzera Italiana, regresando á Orquesta Nacional de España, OBC, sinfónicas de Galicia, Bilbao e Asturias, entre outras. Ten colaborado con

solistas como Maxim Vengerov, Nikolai Lugansky, Javier Perianes, Khatia Buniatishvili, Beatrice Rana, Renaud Capuçon, Gautier Capuçon, Sol Gabetta, Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Frank Peter Zimmermann, Arcadi Volodos, Viktoria Mullova, Johannes Moser, Truls Mork e Viviane Hagner.

Elisabeth Leonskaja

Piano

Durante décadas, Elisabeth Leonskaja estivo entre as pianistas máis célebres do noso tempo. Nun mundo dominado polos medios de comunicación, Elisabeth Leonskaja mantívose fiel a si mesma e á súa música. Segue os pasos dos grandes músicos rusos da época soviética, como Oistrakh, Richter e Gilels, que nunca renunciaron á súa maneira de interpretar a música a pesar dun ambiente político moi difícil. Nada en Tbilisi, Xeorxia, nunha familia

rusa e sendo nena prodixio deu os seus primeiros concertos xa aos once anos. Mentres aínda era estudante do Conservatorio, gañou premios nos prestixiosos concursos internacionais de piano como o Enescu, o Marguerite Long e o Raíña Isabel. O desenvolvemento musical de Elisabeth Leonskaja foi moldeado e influenciado en forma decisiva pola súa colaboración profesional con Richter. En 1978 Elisabeth Leonskaja marchou da Unión



Soviética para crear o seu novo fogar en Viena, onde xa actuara varias veces. Apareceu como solista con practicamente todas as orquestras máis importantes do mundo, baixo a dirección de directores como Thomas Dausgaard, Charles Dutoit, Vladimir Fedoseyev, Iván Fischer, Tugan Sokhiev, Yuri Temirkanov, e moitos outros. Ademais, é invitada con frecuencia a festivais de música de verán, como o Wiener Festwochen, Schleswig-Holstein Festival, Schubertiade en Hohenems e Schwarzenberg. A pesar da súa apertada axenda como solista, a música de cámara sempre xogou un papel prominente no seu traballo. Elisabeth, con frecuencia, aparece coas formacións como Artemis Quartet, Belcea Quartet, Borodin Quartet e Emerson Quartet. As gravacións máis destacadas inclúen os concertos de piano de Chaikovski coa Orquestra Filharmónica de Nova York baixo a batuta de Kurt Masur, concertos de Chopin coa

Orquestra Filharmónica Checa dirixida por Vladimir Ashkenazy e os concertos de piano de Shostakovich coa Orquestra de Cámara de San Pablo. A súa gravación titulada 'Paris' incluíu obras de Ravel, Debussy e Enescu, lanzadas polo selo berlinés eaSonus e foi elixida como Gravación do Ano 2014 polo Xurado ICMA (International Classical Music Awards). 'Saudade', un disco con obras de Chaikovski, Shostakovich e Rachmaninov, publicouse en 2017. O primeiro volume da colección completa de *Sonatas* de Schubert foi lanzado en febreiro de 2016 e o segundo presentouse en maio de 2019. En xaneiro de 2020 publicou un dobre CD con obras para piano de Robert Schumann.

Joven Orquesta Nacional de España

O éxito de Ludwig van Beethoven (Bonn, 1770 - Viena, 1827) vén da confirmación dun estilo integrado no romanticismo, en liña con grandes escritores e pensadores da época. Escribiu numerosas obras para piano, pero son os seus cinco concertos para piano e orquestra os que resumen a súa forma de aproximarse a este instrumento. A composición do *Concerto para piano nº 4 en Sol maior, op. 58* coincidiu no tempo con outros traballos como a ópera *Fidelio*, o *Triple Concerto*, as sinfonías núm. 4 e 5 e o *Concerto para violín*, entre outros. Este *Cuarto concerto* para piano foi escrito tras un longo período de xestión, os primeiros apuntamentos aparecen na época da *Sinfonía Heroica* entre 1802 e 1803, terminado en 1806 e publicado en 1808, con dedicatoria ao Arquiduque Rodolfo. Beethoven, ao piano, estreouno o 22 de decembro de 1808 no Teatro de Viena, coas sinfonías Quinta e Sexta, sendo aclamado por uns e incomprendido por outros. Neste

concerto para piano o compositor afástase do lucimento virtuosístico e do exhibicionismo manifestado nos concertos anteriores e nel, equipara a importancia de solista e orquestra, como manifestan Amedeo Poggi e Edgar Vallora: “Este *Concerto núm. 4* pecha definitivamente a era do concerto do XVIII e inaugura unha nova época para o solista. A innovación non afecta á armadura estrutural senon á equilibrada arquitectura da idea musical, a audacia do tecido harmónico, a prodigalidade dos temas desenvolvidos, pero sobre todo, á maneira de tratar o piano con respecto á orquestra. Beethoven non quere xa ningún antagonismo entre solista e orquestra senon que se considere ao piano como un dos seus moitos elementos; e esta buscada fusión ente piano e orquestra maniféstase no homoxéneo equilibrio sonoro entre ambos que se aprecia desde o inicio da obra. A coloratura tenue, matizada e luminosa deste concerto choca coas habituais “cores absolutas” que viñan imperando ata o



momento". A partitura, nos tres tempos habituais, abre cun *Allegro moderato* que comeza suave e delicado, repetindo o piano catro notas do mesmo xeito que no poderoso tema de catro notas da súa *Quinta Sinfonía*. En forma de sonata, o tema presentado polo piano só é ampliado pola orquestra e un segundo tema de carácter rítmico sérvelle de contraste. O tempo lento, *Andante con moto*, presenta un enfrontamento dialéctico entre piano e cordas belo, sutil e con certo sabor teatral para acabar nunha páxina vital e virtuosística; ambos os mundos vanse ensamblando para chegar a unha delicada cadencia. Finaliza cun *Rondo*, de fermosa estrutura harmónica que xoga coa posibilidade de dúas tonalidades do sol maior -a que prevalecerá-, construído sobre un tema rítmico, insinuante e vital cuxos motivos contrastantes son ilustrados polo piano e pintados pola orquestra.

Gustav Mahler (Kaliste, 1860 – Viena, 1911) demostrou de sobra

o seu talento como compositor coa creación de dez sinfonías, todas elas con universos moi diferentes. A *Sinfonía núm. 5 en do sostido menor* destila un estado de ánimo especial, pois está composta nunha época de cambios na vida do autor na que coñece a Alma Schindler, o amor da súa vida e a persoa que o introduce nun novo círculo de amizades artísticas no que Mahler rompería o seu anterior illamento. O seu casamento é decisivo para esta *Quinta sinfonía*, que viña compondo desde había meses, no sentido dun impulso creativo que faría cambiar a estrutura mesma da obra. Abandona a voz presente nas tres sinfonías anteriores e comeza unha triloxía unicamente orquestral, con esta partitura que é, quizá, a que aglutina máis evidentemente as obsesións mahlerianas: a morte, o amor, a exaltación da natureza, as paisaxes campestres, a música popular... Foi composta nos veráns de 1901 e 1902 nun momento no que Mahler recoñeceu un dominio pleno de

Joven Orquesta Nacional de España

técnica e poderes, afirmando: “Non haberá na miña obra elementos románticos ou místicos, senón que simplemente será a expresión dun poder sen paralelo, da actividade dun home que alcanzou un clímax vital á luz do sol”. A sinfonía estreouse en Colonia, en 1904, aínda que o compositor realizou cambios na orquestración até 1909. Formada por tres partes e dividida en dúas seccións, dispónse en cinco movementos. A primeira parte inclúe primeiro e segundo movemento, a segunda está protagonizada por un amplo *scherzo* e a terceira completa a obra cos dous últimos tempos. Do mesmo xeito que a *Sétima sinfonía*, que xunto coa *Sexta* formaron o realista ciclo Rückert Symphonien, evoluciona desde as tebras á luz pois a marcha fúnebre inicial, en modo menor, acaba por transformarse nun rondó triunfal. Esta obra é unha composición contrapuntística por excelencia, cuxo primeiro movemento é unha marcha fúnebre a modo de procesión,

mesurada e austera mentres que o segundo, *Stürmisch bewegt* -tormentoso, axitado-, está aínda marcado polo clima fúnebre do primeiro; constrúese sobre dúas seccións en contraste, a axitación e a calma. Foi nesta sinfonía a primeira vez que Mahler utilizou explicitamente o nome de *Scherzo*, sendo o movemento máis amplo dos cinco e que pode ser considerado o núcleo da obra. Como comezo da terceira parte, a máis luminosa e optimista da sinfonía, aparece o soado *Adagietto*, un delicado entretecido de fíos sonoros para corda e arpa, composto para Alma como declaración de amor e que actúa como interludio entre o *scherzo* e o movemento final, ao que serve de introdución e no que destaca a utilización por parte de Mahler das melodías do movemento anterior de modo máis desenfado, mesmo irónico. A obra conclúe co solemne coral xa trazado no segundo movemento.

C

Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

